

Unha publicación para recoller a vida profesional e persoal de Buciños

Unha publicación para recoller a vida profesional e persoal de Buciños



*photo_camera*Aurelio Gómez, Manuel Buciños, Rosendo Fernández, Xesús Vázquez e Camilo Franco.

Redacción

12/mar./20

Compartir

O libro "Diario de Artista. Buciños" presentouse onte como parte das actividades en homenaxe ao artista Manuel Buciños que organiza a Fundación Xoán Piñeiro, en colaboración coa Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia. O acto tivo lugar no centro cultural Marcos Valcárcel, no que tamén se atopa a exposición das obras escultóricas do artista e dos elementos que trasladan ao público ao seu taller de traballo.

Rosendo Fernández, vicepresidente provincial, acompañou a Manuel Buciños nesta presentación. "O obxectivo é recoñecer o seu labor na plástica contemporánea", sinalou sobre o conxunto de actividades de "Diario de Artista. Buciños". Aurelio Gómez, asesor de Cultura da Deputación, salientou a "satisfacción" de ter no centro cultural unha mostra "magnífica" para ver a vida artística de Buciños. "Este libro conserva a memoria real dos feitos e das persoas", apuntou Gómez.

Camilo Franco foi o xornalista que entrevistou a Buciños para elaborar esta publicación, que considera unha "aproximación" con varios aspectos: "Acerca a obra e a personalidade nunha peza coidada e feita a medida do contido, que é Buciños", contou.

Measure

Measure